



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 219
29 de outubro de 2021



CSV: BOPGDSPG-OCI\VaH4qI-3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [86955](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

■ 23176 (11/MOC-000061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 21329, publicada no BOPG nº 199, do 16.9.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.9.2021) [86960](#)

■ 23242 (11/MOC-000062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 21014, publicada no BOPG nº 199, do 16.09.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.09.2021) [86961](#)

■ 23252 (11/MOC-000063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida (Moción a consecuencia da Interpelación nº 11740, publicada no BOPG nº 105, do 03.03.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.09.2021) [86961](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

■ 23387 (11/PNP-002112)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e trece deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas en Viveiro e coa transición enerxética [86961](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 17027 (11/PNP-001663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca [86962](#)

I 22515 (11/PNP-002040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde [86962](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 22845 (11/PNP-002065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9 [86963](#)

I 22990 (11/PNP-002077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal [86963](#)

I 23379 (11/PNP-002111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego [86963](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 26 de outubro de 2021, perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina *Galicia profunda* unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela [86963](#)



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 7 de setembro de 2021

[86964](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A Ponencia designada pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto da proposición de lei e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. Esta proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 22 de maio de 2021, co número de asento 16419, e os seus antecedentes legislativos tiveron entrada con data do 1 de xuño de 2021, co número de asento 16802.

1.2. A Mesa do Parlamento, nas reunións do 24 de maio e 7 de xuño de 2021, admitiu a trámite esta iniciativa xunto cos seus antecedentes legislativos e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG números 144, 145 e 155, do 26 e 27 de maio e 16 de xuño de 2021).

1.3. Na sesión plenaria do 22 de xuño de 2021 tomouse en consideración a devandita proposición.

1.4. Posteriormente, abriuse o prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 17 de setembro de 2021 (cuarta prórroga), e acordouse a súa tramitación por parte da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.



1.5. As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 20 de setembro de 2021, e publicadas no BOPG número 202, do 22 de setembro de 2021, foron un total de oito: cinco do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. número 22071), dúas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. número 22041) e unha do G. P. Popular de Galicia (doc. número 22047).

2. Composición, constitución e reunións da Ponencia

2.1. Composición e constitución da Ponencia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 23 de setembro de 2021, designou as seguintes ponentes:

- Polo G. P. Popular de Galicia: Paula Prado del Río (titular) e Noelia Pérez López (suplente).
- Polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández (titular) e Noa Presas Bergantiños (suplente).
- E polo G. P. dos Socialistas de Galicia: Noa Susana Díaz Varela (titular) e Paloma Castro Rey (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 23 de setembro de 2021, coa presidencia da Sra. Porro Martínez e coa asistencia das ponentes titulares, a Sra. Prado del Río, a Sra. Rodil Fernández e a Sra. Díaz Varela. Nesta sesión fixaron o calendario inicial de traballo.

Nas seguintes reunións, que tiveron lugar o 29 de setembro e o 4 de outubro de 2021, coa asistencia das ponentes titulares, Sra. Prado del Río, Sra. Rodil Fernández e Sra. Díaz Varela, analizaron con detenemento o texto articulado obxecto desta proposición de lei e as emendas formuladas. Así mesmo, formalizaron propostas de transacción ou de aceptación de emendas na procura de chegar as distintas posicións.

Na cuarta reunión, que tivo lugar o 21 de outubro de 2021, coa asistencia das ponentes titulares, Sra. Prado del Río, Sra. Rodil Fernández e Sra. Díaz Varela, concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

3. Elaboración do informe

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

3.1. A aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe:

3.1.1. As transaccións que a seguir se relacionan:

- No apartado dous *ter* do artigo único, polo que se engade un novo parágrafo *in fine* no artigo 12.1, a transacción elaborada tomando como base a emenda número 4 do G. P. dos Socialistas de Galicia, en relación coa potenciación da investigación sobre a violencia dixital.



— No apartado dous *quinquies* do artigo único, polo que se engade un novo punto 3 á disposición adicional segunda, a transacción coa emenda número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso dos acordos de colaboración coas principais plataformas intermediarias de Internet.

— Na exposición de motivos, a transacción verbo da emenda número 2 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o parágrafo terceiro da parte expositiva.

3.1.2. As emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia números 2 e 5.

3.1.3. A emenda do G. P. Popular de Galicia número 1.

3.1.4. As emendas técnicas incorporadas ao texto articulado, polas que se modifica o título da lei e as rúbricas dos novos apartados do artigo único, así como as referencias ás letras h) e i) do artigo 3.

3.2. Por último, respecto das restantes emendas a Ponencia recomenda á comisión o seu rexeitamento.

4. *Texto articulado do Informe da Ponencia*

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Exposición de motivos.

A violencia de xénero ten múltiples formas de manifestarse e, cos avances nas novas tecnoloxías e, sobre todo, desde 2009, data en que Internet pasou a ser un contexto vital, téñense incrementado as denuncias sobre violencia de control, ameazas ou violencia psicolóxica a través de teléfonos móbiles e outros dispositivos dixitais.

Resulta necesario definir o concepto de ciberdelincuencia e, de forma específica, a que se exerce sobre a muller, xa que nos últimos tempos aumentou o control da vítima a través das redes sociais, dos dispositivos dixitais e, fundamentalmente, do teléfono móbil. Non se inclúen nestas actuacións aquelas ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e á seguridade das persoas menores de idade. Son novas formas de violencia de xénero que están a xurdir como consecuencia da aparición e desenvolvemento das novas tecnoloxías e das tecnoloxías da información. Trátase dunha nova forma de violencia de xénero que está a afectar, fundamentalmente, as mulleres máis novas, pois os datos amosan que o ciberacoso ten unha incidencia maior na adolescencia e, por tanto, esta convértese na idade de maior vulnerabilidade.

A violencia de xénero dixital engloba todas estas condutas de violencia de xénero que se exercen a través das novas tecnoloxías, das redes sociais ou de Internet mais tamén a gravación e difusión de imaxes tomadas sen consentimento, for no ámbito público ou no privado, que supoñan unha humillación ou vexación das mulleres, así como a distribución na rede de imaxes ou datos comprometidos de contido sexual, usurpación da identidade da vítima ou creación de perfís falsos para desprestixiar a vítima, dar de alta o correo electrónico da vítima en sitios web para estigmatizala ou ridiculizala, acceder dixitalmente ao ordenador da vítima para controlar as súas comunicacións



con terceiros, control do dispositivo móbil e as súas comunicacións, son exemplos da facilidade que ten Internet para alcanzar a unha muller vítima de violencia de xénero sen necesidade de ter contacto físico con ela.

O primeiro informe de avaliación do Grupo de Expertos na Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (GREVIO) sobre as medidas lexislativas e doutra índole que dan efecto ás disposicións do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul) detectou carencias e retos que teñen que guiar a acción política nos próximos anos para poder dar pleno cumprimento ao Convenio, fundamentalmente co que ten que ver coa abordaxe integral de todas as formas e manifestacións da violencia contra as mulleres incluídas no Convenio. Expresamente, anima as autoridades do noso país a continuaren cos esforzos de sensibilización arredor da violencia contra as mulleres e a que a súa implementación inclúa todas as formas de violencia abrangidas polo Convenio de Istambul, en particular a violencia dixital, entre outras.

No seo da Comisión de Igualdade do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 30 de novembro de 2016, acordouse a creación dunha subcomisión cuxo obxecto era elaborar un informe no que se identificarían e analizarían os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero e que, unha vez escoitadas as persoas expertas designadas polos grupos parlamentarios, faría unha serie de propostas de actuación que incluírían especificamente as principais reformas que deberán acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin.

Tanto os informes emitidos como persoas expertas na materia que compareceron na subcomisión creada para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero coinciden en concluír que as novas tecnoloxías normalizan a violencia, en moitos casos ante a inconsciencia da xente moza, que non a identifica como tal.

A proposta de actuación número 91 do citado informe recomenda «perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital».

O Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero establece, na medida 102, a obriga de ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres contidos no Convenio de Istambul e inclúe, na medida 109, a necesidade de perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital, ou a 112, que promove non considerar as inxurias e calumnias a través das redes sociais no ámbito da violencia de xénero como unicamente un delito leve.

Todas estas cuestións fan precisa a modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que no seu artigo 3 establece as formas de violencia de xénero que permiten o recoñecemento de vítimas a aquelas mulleres que sofren algunha das formas descritas, o que lles outorgará a protección establecida lexislativamente, así como das axudas ás que teñen dereito como tales, e a poder acceder ao estatuto da vítima de violencia de xénero.

Resulta imprescindible definir a violencia de xénero dixital non só para identificar as vítimas e poñer á súa disposición todos os recursos precisos para a súa atención senón que temos que ser capaces de poñer en marcha políticas de prevención da sextorsión (sexting) o cyberbullying, o grooming ou



o ciberacoso e abuso sexual a menores de idade, que permitan identificar neste ámbito con antelación condutas e fenómenos emerxentes e previr a violencia de xénero dixital.

Artigo único. Modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero queda modificada como segue:

Un. Engádese a letra h) ao artigo 3 co seguinte contido:

«h) Violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, que inclúe todo acto ou conduta de violencia de xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como Internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxaría e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico. Exceptúanse as ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade.»

Dous. A actual letra h) pasa a ser a letra i) do artigo 3.

Dous *bis*. Modifícase o punto 2 do artigo 6, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. As campañas que se desenvolvan dedicarán atención específica á sensibilización e á formación da poboación xuvenil na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero, con especial incidencia na violencia de xénero dixital. Así mesmo, as campañas farán posible a súa accesibilidade ás mulleres con máis dificultades para se achegaren aos recursos e á información. As campañas faranse nun formato accesible e comprensible para as persoas con diversidade funcional, utilizando a linguaxe de signos ou outras modalidades de comunicación.

Deseñaranse campañas específicas que teñan en conta as circunstancias que dificultan ás mulleres do ámbito rural o acceso á información, e colaborarán no desenvolvemento delas coas asociacións de mulleres rurais.»

Dous *ter*. Engádese un novo parágrafo *in fine* no punto 1 do artigo 12, coa seguinte redacción:

«Prestarase especial atención á violencia de xénero dixital, que deba orientarse ao perfil das mulleres vítimas desta violencia, así como dos autores que a exercen e divulgan, a súa frecuencia, os medios a través dos cales se comete, o impacto nas vítimas e a resposta institucional.»

Dous *quater*. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue:



«Artigo 16. *Actitudes*

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, impulsará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e da violencia de xénero, con especial atención á violencia de xénero dixital, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade.»

Dous *quinquies*. Engádesse un punto 3 á disposición adicional segunda co seguinte contido:

«3. O Goberno galego impulsará, coas principais plataformas intermediarias de Internet, acordos de colaboración co fin de establecer criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e retirada de contidos relacionados coa violencia de xénero dixital.»

Disposición adicional única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Paula Prado del Río

Olalla Rodil Fernández

Noa Susana Díaz Varela

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de outubro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 23176 (11/MOC-000061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 21329, publicada no BOPG nº 199, do 16.9.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.9.2021)

BOPG nº 210, do 06.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.



- 23242 (11/MOC-000062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 21014, publicada no BOPG nº 199, do 16.09.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.09.2021)

BOPG nº 210, do 06.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 23252 (11/MOC-000063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida (Moción a consecuencia da Interpelación nº 11740, publicada no BOPG nº 105, do 03.03.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.09.2021)

BOPG n.º 210, do 06.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 23387 (11/PNP-002112)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas en Viveiro e coa transición enerxética

BOPG nº 213, do 15.10.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«1º. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

a) Promova —con urxencia— medidas de apoio e acompañamento aos traballadores e traballadoras afectados polo ERE comunicado por Vestas na súa fábrica de Viveiro (Lugo).



b) Demande ao Goberno de España que participe e se implique na mesa industrial, xunto coa Xunta de Galicia, a representación dos traballadores e a empresa, para identificar posibles alternativas que permitan un futuro para os traballadores e traballadoras desta factoría.

c) Demande ao Goberno de España un cambio de actitude, de tal xeito que se aposte realmente por unha transición enerxética xusta e compatible co mantemento da actividade industrial, que se está a ver altamente impactada pola actual estratexia enerxética que provoca o desmantelamento de empresas vinculadas a este sector.

2º. O Parlamento de Galicia acorda, como resolución, dar o seu apoio á promoción de todas aquelas iniciativas no ámbito das enerxías renovables que contén coas máximas garantías técnicas, xurídicas e ambientais, fronte aos intentos de estigmatización deste sector, que provoca un impacto no seu desenvolvemento e na actividade empresarial e industrial asociada á produción de enerxía eólica, como é o caso da fábrica de Vestas.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 17027 (11/PNP-001663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno de España para demandar diante da UE e da OMC unha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota.»

- 22515 (11/PNP-002040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde

BOPG nº 206, do 29.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias para garantir que as mulleres do noso país poden exercer, con todas as garantías, o dereito ao aborto no sistema público galego de saúde.»

Rexeitamento da iniciativa

- 22845 (11/PNP-002065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9

BOPG nº 206, do 29.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.

- 22990 (11/PNP-002077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal

BOPG nº 210, do 06.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 23379 (11/PNP-002111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego

BOPG nº 213, do 15.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 26 de outubro de 2021, perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina *Galicia profunda* unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela.



O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 26 de outubro de 2021, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

Declaración institucional perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina *Galicia profunda* unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela.

O texto aprobado é o seguinte:

«Declaración institucional perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina *Galicia profunda* unha vila galega.

Perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina *Galicia profunda* unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela, o Parlamento de Galicia manifesta as seguintes consideracións:

Primeira. Non corresponde a esta Cámara pronunciarse sobre o fondo da cuestión, que, en todo caso, debe priorizar o interese superior do menor.

Segunda. Manifestamos o noso máis profundo rexeitamento á utilización da expresión *Galicia profunda* cara a calquera aldea, parroquia, vila, comarca ou cidade galegas. Este cualificativo implica unha valoración pexorativa e inxustificadamente negativa do país, que resulta inadmisíbel en calquera contexto, máis aínda nunha resolución xudicial.

Terceira. Afirmacións desta índole amosan un profundo descoñecemento da realidade de Galicia e do pobo galego e evidencian enormes prexuízos e estereotipos que nada teñen que ver con este país, no que concorren todas as condicións para un pleno e integral desenvolvemento das persoas. Resulta sorprendente e rexeitable que estes estereotipos aínda atopen eco, como ocorre neste caso.

Cuarta. Calquera aldea, vila ou cidade galegas son aptas para o desenvolvemento dunha nena ou un neno. Por esta razón, as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia queremos reafirmar o noso orgullo como galegas e galegos e así o expresamos con esta declaración institucional, que é, tamén, un acto de dignidade colectiva. »

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 7 de setembro de 2021



Advertido un erro material, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 7 de setembro de 2021, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

Procedementos de información

Preguntas orais en comisión

- 20644 (11/POC-003729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as subvencións destinadas aos concellos de Galicia para o ano 2021 para a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais

Onde di:

«Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos»

Debe dicir:


«Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior»

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

